

PROGRAMA PROVISIONAL

DIPLOMA DE DIRECTIVOS DA XUNTA DE GALICIA, 2009 (EGAP)

(26 Marzo - 3 Xullo 2009)

EGAP e EAP-CAIXANOVA

DIRECTOR:

Prof. Enrique José Varela Álvarez (Universidade de Vigo)

Resolución de 5 de febreiro de 2009 (*DOG* núm. 29, 11 de febreiro de 2009)

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

<h2>OBXECTIVOS</h2>

- 1.- Introducir aos empregados públicos con responsabilidades directivas e semidirectivas nas técnicas de xestión e de habilidades directivas necesarias para liderar equipos de traballo de alta dirección pública, desenvolvendo as competencias directivas e semidirectivas innovadoras (análise, interpretación, participación, proxecto, grupo de traballo e *marketing* interno) e aprendendo a por en marcha equipos de traballo integrados e cooperativos.
- 2.- Facilitar espazos de aprendizaxe e de intercambio global de experiencias entre os participantes nos cursos, e entre estes e outros grupos directivos da Administración autonómica, da Administración xeral do Estado, e das Administracións Locais, cos que colaboren en proxectos intergubernamentais.
- 3.- Resolver problemas estratéxicos de cada participante, orientando a aprendizaxe cara á innovación organizativa e a gobernanza multinivel na que están inseridas as diferentes organizacións públicas que compoñen a Xunta de Galicia.
- 4.- Procurar unha cultura mixta de acción pública, é dicir, baseada no entendemento entre as diferentes administracións públicas (autonómica, local e universitaria) e que na súa vez non sexa allea ás iniciativas da sociedade civil que comparten actitudes privadas e públicas.

METODOLOXIA, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- ✓- O curso para a obtención do diploma de directivo articúlase en torno a unha metodoloxía mixta na que destaca a reflexión sobre problemas actuais das organizacións públicas, a resolución de casos prácticos, e a participación en actividades complementarias, que integrará os principios e valores da dirección pública con novos modelos de xestión estratéxica e de mellora continua aplicables ás organizacións públicas (habilidades, análise estratéxica, participación, intercambio, orientación ao cidadán e calidade). Esta metodoloxía de acción-investigación, de integración, desenvolvemento e aprendizaxe, estará presente nas diferentes etapas dos cursos.

- ✓- O ciclo de traballo do curso sitúase en catro tipos de espazos:
 - Un espazo común de aprendizaxe integrado polas experiencias do grupo de traballo a través do desenvolvemento dun proxecto grupal e o debate en equipo sobre temas de relevancia pública, que confire sentido a todas as actividades do programa e que incorpora as propostas dos participantes.

 - Un espazo de políticas e ferramentas públicas, desde o cal se difunden aqueles coñecementos básicos para o desenvolvemento da actuación pública.

 - Un espazo de competencias e habilidades, ao xeito de seminarios de xestión e innovación.

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

- Un espazo de presente cara ao futuro no cal se mostren as tendencias de cambio ás que están sometidas as organizacións públicas, cun formato de conferencias como se amosa no cadro seguinte:

CICLO DE CONFERENCIAS "SEMINARIOS DE ALTA DIRECCIÓN PÚBLICA" EGAP, 2009	
TÍTULOS	1. <i>As administracións públicas ante a globalización: contorno sociopolítico das organizacións públicas</i>
	2. <i>A dirección pública no Estado autonómico e na era global</i>
	3. <i>Novos estilos directivos e aprendizaxe organizativa</i>
	4. <i>A función directiva no Estatuto básico do empregado público</i>
	5. <i>Os retos da dirección pública: dun modelo xerencial a un modelo institucional-xerencial</i>

- ✓- Os módulos desenvolveranse seguindo unha metodoloxía presencial (os xoves pola tarde e os venres pola mañá e pola tarde). Os alumnos terán que utilizar un sistema *e-reading* (en liña), que lles permitirá acceder a un soporte documental para a lectura común e que permite os intercambios en rede, o que facilitará a intercomunicación entre os participantes e os propios grupos de traballo dos que forman parte. Ao longo do curso establecerase unha serie de sesións que se desenvolverán fóra das instalacións da EGAP seguindo a liña de formación fóra da aula.

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

- ✓- A dinámica activa, flexible e altamente participativa desta edición do curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia implica unha clara corresponsabilidade por parte dos alumnos asistentes. Búscase así a participación activa nos contidos teóricos e prácticos (estudos de casos e dinámicas) dos módulos e a obtención dos bos resultados no proxecto final. Cada alumno ao finalizar os contidos teórico-prácticos presentará un proxecto final que deberá ser avaliado positivamente por un tribunal integrado por profesores participantes no programa e avaliadores externos.
- ✓- Cada curso está destinado a un máximo de 25 alumnos seleccionados de acordo co procedemento e o baremo que se establece nesta convocatoria e de conformidade coa normativa reguladora para a obtención do diploma de directivo. Non obstante, os seminarios e as conferencias, así como algúns dos módulos que integran o programa, poderán ser cursados, independentemente do resto do curso, por candidatos ou interesados en xeral de acordo co que dispoñan as convocatorias específicas que para o efecto realice a EGAP.

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

<h2>CALENDARIO, HORAS DO PROGRAMA E HORARIO</h2>
--

- ✓ O curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia desenvolverase ao longo de 12 semanas (marzo-xuño de 2009) ata completar as 150 horas previstas.
- ✓ O curso contén unha orientación pedagóxica que integra a teoría e a práctica, ademais do *proxecto do programa* do que resulta unha carga de teoría e práctica como a que segue:
 - Teoría e práctica - un total de 126 horas presenciais, divididas entre asistencia a contidos teóricos, seminarios e conferencias contemplados no programa.
 - Proxecto de curso - 24 horas de traballo persoal e en equipo co desenvolvemento dun *Proxecto Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP). Programa de Dirección Innovadora*, titorizado polo profesorado do programa.
- ✓ Con carácter xeral, o horario do curso, con carácter xeral, será o seguinte: os xoves de 16:00 a 20:00 horas e os venres de 10:00 a 14:00 e/ou de 15:30 a 19:30 horas.

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

CALENDARIO DO PROGRAMA

1ª XORNADA 26-III-2009 XOVES 16:00 - 20:00	PRESENTACIÓN PROGRAMA E METODOLOXÍA INNOVADORA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 17:00	Presentación oficial do programa <i>Aula 1</i>	1	Carlos Suárez-Mira (EGAP) e Enrique Varela (UVIGO)
17:00 - 20:00	Sistema de seguimento e avaliación: ✓ Programa de proxectos e <i>e-reading</i> , titorías anticipación ao plan das semanas seguintes <i>Aulas 2 e 4</i>	3	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	
2ª XORNADA 27-III-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión nos arredores de Santiago)	HORAS	PROFESORES
	<i>Outdoor training</i>	8	Pablo Castejón e Raúl Davila (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

3ª XORNADA 02-IV-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
	✓ Dirección e xestión pública (I): xestión de Procesos Aula 2	4	Guillermo de Luis (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		4 horas	

4ª XORNADA 03-IV-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 12:00	✓ Sistemas de información nas administracións públicas Aula 2	2	EAP-CaixaNova
12:00 - 14:00	Conferencia: ✓ Tema: <i>As administracións públicas ante a globalización: contorno sociopolítico das organizacións públicas</i> Aula 1	2	Emilio Lamo de Espinosa (UCM)
15:30 - 19:30	✓ Sistemas de información nas administracións públicas Aula 2	4	EAP-CaixaNova
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

5ª XORNADA 16-IV-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
	Titoría e seguimento de proxectos e <i>e-reading</i> <i>Aulas 2 e 4</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	

6ª XORNADA 17-IV-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 14:00	Análise e avaliación de políticas públicas <i>Aula 2</i>	4	Pilar Luaces (EGAP)
15:30 - 19:30	Xestión de proxectos en organizacións públicas <i>Aula 2</i>	4	Albert Calderó (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

7ª XORNADA 23-IV-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
	Dirección e xestión pública (II).- o proceso directivo: ✓ Organización Aula 2	4	Francisco Negreira (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		4 horas	

8ª XORNADA 24-IV-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 12:00	Dirección e xestión pública (III): planificación estratéxica pública Aula 2	2	Albert Galofré (EAP-CaixaNova)
12:00 - 14:00	Conferencia: ✓ Tema: <i>A dirección pública no Estado autonómico e na era global</i> Aula 1	2	Joan Prats (UOC)
15:30 - 19:30	Dirección e xestión pública (III): planificación estratéxica pública Aula 2	4	Albert Galofré (EA-CaixaNova)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

9ª XORNADA 7-V-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
	Titoría e seguimento de proxectos e <i>e-reading</i> <i>Aulas 2 e 4</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	

10ª XORNADA 8-V-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 14:00	Xestión da calidade: visións desde a Administración xeral do Estado <i>Aula 2</i>	4	Juan Antonio Garde (Ministerio de Economía y Hacienda)
15:30 - 19:30	Xestión da Calidade: visións desde a Xunta de Galicia <i>Aula 2</i>	4	Equipo da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

11ª XORNADA 14-V-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Mercadotecnia nas entidades públicas Aula 2	4	Isabel Bazaga (URJC)
TOTAL HORAS		4 horas	

12ª XORNADA 15-V-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 12:00	Xénero e administración pública: aspectos introductorios Aula 2	2	Universidade de Santiago
12:00 - 14:00	Conferencia: ✓ Tema: <i>Novos estilos directivos e aprendizaxe organizativa</i> Aula 1	2	Manuel Villoria Mendieta (Universidad Rey Juan Carlos)
15:30 - 19:30	Titoría e seguimento de proxectos e <i>e-reading</i> : ✓ Fondo documental de xestión pública: bancos de boas prácticas Aulas 2 e 4	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

13ª XORNADA 28-V-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Habilidades directivas (I): ✓ Imaxe e oratoria Aula 2	4	Begoña Jamardo Suárez (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		4 horas	

14ª XORNADA 29-V-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 12:00	Habilidades directivas (II): ✓ Xestión do tempo Aula 2	2	Fernando Bringas (EAP-CaixaNova)
12:00 - 14:00	Conferencia: ✓ Tema: <i>A función directiva no Estatuto básico do empregado público</i> Aula 1	2	Manuel Zafra Víctor (Presidencia do Goberno)
15:30 - 19:30	Habilidades directivas (II): ✓ Xestión do negociación Aula 2	4	Fernando Bringas (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

15ª XORNADA 4-VI-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	A xestión do coñecemento (I): unha ferramenta para mellorar a eficiencia organizacional Aula 2	4	Enrique de la Rica (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		4 horas	

16ª XORNADA 5-VI-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 14:00	A xestión do coñecemento (II): unha ferramenta para mellorar a eficiencia organizacional Aula 2	4	Joaquim Tres (BID)
15:30 - 19:30	A xestión do coñecemento (II): unha ferramenta para mellorar a eficiencia organizacional Aula 2	4	Joaquim Tres (BID)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

17ª XORNADA 11-VI-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Titoría e seguimento de proxectos e <i>e-reading</i> <i>Aulas 2 e 4</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	
18ª XORNADA 12-VI-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EAP-CaixaNova)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 19:30	Habilidades directivas (III): ✓ Liderado persoal <i>Aula 2</i>	8	Emilio Duró Pamies (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

19ª XORNADA 18-VI-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Avaliación de políticas e percepción dos servizos públicos <i>Aula 2</i>	4	Ernesto Carrillo (UCM)
TOTAL HORAS		4 horas	

20ª XORNADA 19-VI-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 14:00	Habilidades directivas (IV): ✓ Presentacións eficaces <i>Aula 2</i>	4	Begoña Jamardo Suárez (EAP-CaixaNova)
15:30 - 19:30	Habilidades directivas (IV): ✓ Presentacións eficaces <i>Aula 2</i>	4	Begoña Jamardo Suárez (EAP-CaixaNova)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

21ª XORNADA 25-VI-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Titoría e seguimento de proxectos e <i>e-reading</i> <i>Aulas 2 e 4</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	

22ª XORNADA 26-VI-2009 VENRES 10:00 - 19:30	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
10:00 - 12:00	Titoría e seguimento de proxectos e <i>e-reading</i> <i>Aulas 2 e 4</i>	2	Enrique Varela (UVIGO)
12:00 - 14:00	Conferencia: ✓ Tema: <i>Os retos da dirección pública: dun modelo xerencial a un modelo institucional-xerencial</i> <i>Aula 1</i>	2	Carles Ramió (Director Xeral da EAP-CaixaNova)
15:30 - 19:30	Titoría e seguimento de proxectos <i>Aulas 2 e 4</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		8 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

23ª XORNADA 2-VII-2009 XOVES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Titoría e seguimento de proxectos <i>Aulas 2 e 4</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	

24ª XORNADA 3-VII-09 VENRES 16:00 - 20:00	MÓDULOS PROGRAMA (Sesión na sede EGAP)	HORAS	PROFESORES
16:00 - 20:00	Titoría e seguimento de Proxectos <i>Aula 2</i>	4	Enrique Varela (UVIGO)
TOTAL HORAS		4 horas	

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

RESUMO: HORAS, CONTIDOS E PROFESORES DO PROGRAMA				
PROFESORES	CONTIDOS	Horas: teoría	Horas: práctica	Total horas
EAP-CAIXANOVA	<i>Outdoor</i> (8) Dirección e xestión pública (26): <ul style="list-style-type: none"> • Xestión de procesos (4) • Proceso directivo (4) • Planificación estratéxica (6) • Xestión de proxectos (4) • Sistemas de información (8) Habilidades directivas (26): <ul style="list-style-type: none"> • Imaxe e oratoria (4) • Presentacións eficaces (8) • Liderado (8) • Xestión do tempo e negociación (6) 	44	16	60
EGAP	Políticas públicas (4) Mercadotecnia (4) Xénero (2) Percepción sobre servizos públicos (4) Xestión do coñecemento (12) Xestión da calidade (8): <ul style="list-style-type: none"> • Experiencia da Xunta de Galicia (4) • Experiencia da Administracións xeral do Estado (4) 	34	---	34
ENRIQUE VARELA	Proxectos do curso e <i>e-reading</i>	38	8	46
CICLO DE CONFERENCIAS	1. <i>As administracións públicas ante a globalización: contorno sociopolítico das organizacións públicas</i>	2	—	2
	2. <i>A dirección pública no Estado autonómico e na era global</i>	2	—	2
	3. <i>Novos estilos directivos e aprendizaxe organizativa</i>	2	—	2
	4. <i>A Función Directiva no Estatuto básico do empregado público</i>	2	—	2
	5. <i>Os retos da dirección pública: dun modelo xerencial a un modelo institucional-xerencial</i>	2	—	2
TOTAL HORAS		126 horas	24 horas	150 horas

INTEGRACIÓN METODOLÓGICA DA FORMACIÓN DIRECTIVA

- ✓ A integración da metodoloxía de formación directiva proposta no *Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP)* supón a combinación de aspectos tradicionais formativos con outros máis innovadores, tanto nos seus contidos como na súa dinámica de traballo, rendemento e entrada-saída do programa. Deste xeito contéplase a posibilidade de que o *Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP)* o integren dun xeito estable (é dicir, cumprindo o horario establecido e os seus requisitos de avaliación correspondentes), pero no que igualmente pódense integrar outros empregados públicos directivos ou semidirectivos das consellerías da Xunta de Galicia que estean interesados (e que así o soliciten) nos contidos dun determinado módulo, seminario ou conferencia programada no curso para obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

CADRO DE PROFESORADO

- ✓ Os profesores que forman parte do *Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP)* proveñen dos cadros de persoal especializado da EAP-CaixaNova, da Universidad Complutense de Madrid, da Universidade Rey Juan Carlos, da Universidade de Vigo, do Instituto Nacional de Administración Pública (MAP), do BID, así como da propia Escola Galega de Administración Pública. Na mesma liña de interinstitucionalidade do *Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP)* contéplase a participación de expertos doutras universidades españolas e estranxeiras, así como técnicos de recoñecido prestixio doutras organizacións públicas españolas, tanto no ámbito da Administración xeral do Estado como no doutras comunidades autónomas.

PROGRAMA DE DIRECCIÓN INNOVADORA

ASPECTOS ORGANIZATIVOS DO PROGRAMA

- ✓ O programa *Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP)*, disporá dun soporte web para pendurar a información *e-reading*, así como documentos de interese para os participantes. O *e-reading* contén as orientacións documentais para traballar sobre textos e xerar reflexión e intercambios.
- ✓ O proxecto final do *Diploma de Directivos da Xunta de Galicia, 2009 (EGAP)* que hai que desenvolver en equipo, enfocárase cara á posta en práctica do aprendido polos participantes na aula. Para iso deberá comprender o tema do traballo desde unha perspectiva global e teórica, e darlle unha aplicabilidade concreta ao seu posto de traballo e funcións actuais, ao obxecto de producir unha mellora estratéxica substancial na súa forma e estilo de traballo directivo.
- ✓ Os proxectos serán titorizados por expertos e profesores designados pola EGAP. O/os titor/es establecerán as canles en liña necesarios para unha correcta intercomunicación cos participantes, tendo a obriga de atender persoalmente aos seus titorizados durante polo menos dúas entrevistas con posterioridade á finalización dos contidos presenciais.
- ✓ A avaliación do curso consistirá na participación activa no proceso de *e-reading*, desenvolvido ao longo do curso, ademais da entrega do proxecto final e a súa defensa ante un tribunal, integrado por persoal da EGAP, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Escola para as Administracións Públicas Caixanova.